

Inés Mosquera Calvo: "O que eu pensaba cando escribín o poemario, ese 'niño común', é finalmente a liberación"

Inés Mosquera Calvo (Carcacía, Padrón, 1992) vén de lograr o galardón poético Eusebio Lorenzo Baleirón co poemario *Upupú*, un canto onde muller e bubela se mimetizan para falar de dor, doenza, vergoña e fastío. Este poemario, que constrúe unha viaxe cara á liberación en cinco actos, será publicado en 2026 nunha editorial de recoñecido prestixio.

Sergio Casal 5 de decembro de 2025

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/ines-mosquera-calvo/20251205205843241505.html>

—A ave é un poderoso símbolo de liberdade na literatura. Que significa para vostede falar a través da voz dunha bubela neste poemario?

O propio título, que é *Upupú*, é a transcripción fonética do canto da Bubela, que é o paxaro que toma as páxinas do poemario. Quixen concibir este libro como un canto, como unha sorte de cartografía dunha voz en diferentes momentos vitais nos que vai transitando a dualidade entre a muller e o paxaro. Dábame moito xogo facer isto a través do canto dun paxaro e quixen escoller a bubela. Ademais, os paxariños levan formando parte da miña vida desde hai moito tempo como observadora da natureza que son ao criarme nun ambiente rural, aínda que agora viva nunha cidade.

—O libro móvese entre a dor, a enfermidade ou a vergoña. Que parte de *Upupú* lle resultou máis complicada de escribir e cal máis liberadora?

No poemario fálase de dor, de cansazo, de doenza, de fastío... O proceso da escrita deste libro foi duro, pero ao mesmo tempo foi moi gratificante. Non creo que poida primar unha sensación sobre a outra, xa que as dúas son moi importantes.

—No texto existe un convite a ser mala muller, mala nai e mala bubela. Trátase dun desafío para a moral colectiva?

Pois a verdade é que eu non o escribín dese xeito. Resultou ser así, pero na miña cabeza non era desta maneira. Eu o que quería facer era un libro sinxelo, que fose moi intuitivo e no que primase o ritmo. Construí tamén un libro no que se dialoga con outras referencias literarias que eu teño e así me saíu. Decateime cando o estaba a escribir e xa cando o lin unha vez rematado. Non foi algo intencionado, de feito.

—Hai diversas citas doutras poetas no libro. Hai algunha delas en concreto que funcionase para vostede como guía neste voo?

Si. Para min Luisa Castro é a autora de referencia e penso que é a primeira que aparece citada. A lectura do seu *Baleas e Baleas* foi vital para min no momento no que chegou. De feito, é un libro que está sempre na miña mesa de noite.

—E cal sería o "niño común" que todas achegan ao libro?

Coido que a lectura xeral, e o que eu pensaba cando quixen escribilo, ese "niño común", é finalmente a liberación. É un libro que vai evolucionando. Non ten un fío narrativo como tal pero si que evoluciona. O libro ten cinco pasaxes: *Lingua de xirín*, *Ás de pardal*, *A vergonza de amá*, *Bubela* e *A Ditadura da bubela*. Ao final, esa quinta pasaxe do libro, *A Ditadura da Bubela*, remata nunha ditadura deste paxaro que chega "polo seu penacho", é dicir, porque lle dá a gana e porque se libera a si mesma. É a súa liberdade final impóndose e pasando por enriba de todo.

—O poemario publicarase en 2026. Como espera que sexa a vida pública dun libro tan íntimo cando se publique?

Para min a literatura é explorar emocións alleas e poder recrearme nelas. Neste sentido, o que máis me gustaría é que se alguén le o libro consiga conectar nalgún punto do mesmo. Isto para min sería algo enorme. A verdade é que é o único que lle pediría, non aspiro a máis.